



CPI DE SAN SADURNIÑO
Avda. Marqués de Figueroa, 19. 15560 SAN SADURNIÑO. A CORUÑA.
Tfno. 881 930 489 Fax: 881 930 496
cpi.sansadurnino@edu.xunta.es
www.edu.xunta.gal/centros/cpisansadurnino/



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE
E FORMACIÓN PROFESIONAL

INDICACIÓNS DE SEGURIDADE PARA AS PROBAS EXTRAORDINARIAS DE SETEMBRO

Para que os exames de setembro transcorran no ambiente máis seguro posible, por favor, lede con atención as seguintes indicacións antes de acudir ao centro.

O **uso da máscara** en todo o recinto exterior e no interior do centro é obrigatorio.

O alumnado debe **permanecer no exterior do centro**, ata que o profesorado encargado de cada exame saia á porta do edificio a buscalo, para os exames de Educación Física esperárase na porta exterior do pavillón de Secundaria. No exterior do edificio débese manter, en todo momento, a distancia de seguridade e non se pode permanecer esperando máis que durante os **cinco minutos anteriores á hora da proba**.

Ao entrar e saír deberá **desinfectar as mans**, disporá de dispensador de xel hidroalcolico na porta principal e en cada aula.

Cada persoa debe achegar o **material de escritura** que precise para realización das probas, e o uso deste material será persoal. Non se permitirá durante as probas o préstamo deste material entre alumnado.

O alumnado debe saír do recinto unha vez rematado un exame. De ter que facer outro/s terá que esperar no exterior do recinto até os cinco minutos anteriores á hora da proba, nos que poderá entrar ata a entrada principal do edificio ou pavillón, segundo corresponda.

Lembrarvos, por último, que con estas medidas non só estamos protexéndonos a nós mesmos/as durante estes días que coincidamos no centro, senón que estamos a protexer ás nosas familias e amizades.